

Santa Cruz, un Castelo con 400 anos de historia

Durante o ataque á Coruña da flota de Sir Francis Drake, resposta da raíña Isabel de Inglaterra ao intento de invasión da Armada "Invencible", as tropas do corsario inglés tamén arrasaron a comarca.

É por eso que Felipe II ordena a construción do forte, rematando as obras a principios do século XVII.


Durante o ataque do Arcebispo de Burdeos de 1639 o castelo era xa unha fortaleza estratéxica na defensa da baía, sendo definitiva a súa actuación nesta batalla.

Posteriormente, no século XIX, ao deixar de cumprir a súa función defensiva, o Castelo foi subastado, sendo adquirido por D. José Quiroga e convertido nun dos pazos da familia da escritora Emilia Pardo Bazán.

A súa filla, viúva do marqués de Cavalcanti, donou o Castelo ó exército, sendo destinado a albergue das colonias de verán dos orfos de militares do bando "nacional".

Nos anos 80 o Concello de Oleiros mercou o Castelo, decidíndo adicalo a actividades relacionadas co medio ambiente.

O CEIDA creouse en 1998 sendo na actualidade un centro de referencia en Galicia para a educación ambiental e a conservación da natureza, e tamén un destino de visitas turísticas e culturais.



Castelo de Santa Cruz en 1906

Os ataques navais forzaron a construción do Castelo de Sta. Cruz



O ataque inglés de 1589 deixou de manifesto a necesidade de mellora das defensas da Coruña. Coa súa construción o Castelo de Sta. Cruz entrou a formar parte do sistema defensivo da baía, xunto a outras baterías e fortes.

O proxecto orixinal o realizou en 1594 o enxeñeiro militar Rodríguez Muñiz por orde do Capitán Xeral de Galicia, Diego das Mariñas.

No 1640 rematáronse as defensas do castelo, levantando un forte artillado con varias pezas, entre as que destacaba un potente canón chamado "O Barraco".

O Castelo de Sta. Cruz era unha das fortalezas que defendían a baía da Coruña xunto ós castelos de San Antón, hoxe Museo arqueolóxico, e o de San Diego, actualmente desaparecido.

Existían outras fortalezas e baterías na ría realizadas posteriormente ó ataque franco-holandés comandado por Sourdis en 1639: o Forte de Valparaíso, o Castelo de San Amaro, a batería de Mera, a de Adormideiras e a de Pradeiras.

No século XVIII o castelo tivo unha serie de obras de acondicionamento, parapetos, pavillóns para a tropa e polvoriño. Despois perdeuse toda interese estratéxica quedando temporalmente abandonado.

"Frontero del fuerte de Santo Antón, de la otra parte del puerto hacia la aparte del Oriente, está otro fuerte de Santa Cruz, y entre estos dos fuertes hay de distancia una buena legua de mar..."

Descripción de Jerónimo del Hoyo en 1607.

Castelos defensivos da baía da Coruña (sec. XVII)



Na baía da Coruña preparouse a Armada de Felipe II contra Inglaterra



Felipe II

No século XVI a rivalidade política e relixiosa entre o Imperio español e a Inglaterra protestante chegou ó seu punto álxido coa mobilización da chamada Armada Invencible.

No mes de maio de 1588 estaba lista unha potente flota para partir dende a Coruña ó mando do duque de Medina-Sidonia. Contaba con 130 naves e 30.000 homes.

O primeiro avistamento da flota inglesa formada por 230 naves prodúcese no sur de Inglaterra. Despois deste primeiro encontro sen consecuencias intentan seguir coa súa misión, recoller en terra ó exército de Flandes e desembarcalo en Inglaterra.

Pero a Armada foi fustrigada polo potente fogo artilleiro dos barcos comandados por Drake, Seymour e Howard, que evitaban as abordaxes nos que a Armada española tiña vantaxe. Ademais a descoordenación das forzas e as inclemencias do tempo fixeron que se tiveran que refuxiar no mar do Norte, mentres o exército de terra dirixido por Farnesio aínda seguía en Dunquerque, sen posibilidades de ser embarcado.

A finais de setembro chegan á costa cantábrica 66 barcos, os demais perdéronse con 12.000 homes. Os buques naufragados eran case todos de tipo mediterráneo. A flota real, con naves máis adaptadas ó mar atlántico, volveu case que toda.



Drake e Norris atacaron A Coruña cunha potente flota

Ao mando da expedición de represalia polo ataque da Armada Invencible estaban o Almirante Norris e o corsario Sir Francis Drake, nomeado cabaleiro pola propia raíña Isabel.

Fronte á gran escuadra inglesa atopábanse na baía coruñesa naves superviventes da "invencible", entre elas o Galeón San Juan.



Galeón San Juan



Francis Drake

Pegados ás costas de Oleiros para evitar á artillería das defensas da Coruña e desembarcando en Mera e outros lugares das costas veciñas conseguiron arrodear toda a baía. Dende a costa de Oza e Santa Lucía dispararon contra os galeóns españois e portugueses atrapados no porto, que remataron sendo queimados polas súas propias tripulacións.

Despois de arrasar o barrio da Pescadería e intentar entrar no recinto amurallado da cidade vella, combate no que se distinguiu a poboación civil e a célebre María Pita, as tropas de Drake foron derrotadas, retirándose da cidade con graves perdas, e deixando varias naves afundidas nas augas do porto.

Unha escritora popular nun mundo literario de homes

Emilia Pardo Bazán foi unha escritora nacida na Coruña.

Muller de espírito liberal, mantivo amizade con persoeiros de tódalas ideoloxías como Menéndez Pelayo, Clarín, Galdós e Giner de los Ríos. Feminista precoz, adoptou posicións sorprendentemente liberais para a época, nalgunhas ocasións motivo de escándalo.

Comezou a escribir en 1871, sendo a introductora do naturalismo francés de Emile Zola no noso país. As novelas *Los Pazos de Ulloa* e *La madre naturaleza*, son as súas dúas obras máis representativas.



No século XIX prodúcese unha maior alfabetización da sociedade e unha necesidade de novas lecturas, sendo moi solicitado o conto. Introducido como xénero literario por Alarcón, Emilia destaca neste campo, convertíndose nunha autora prolífica.

Escribe máis de 580 contos, ademais de novelas, libros de cociña e ensaios.

Castelao, unha das máximas figuras da nosa cultura, fai referencia en *ALBA DE GRORIA* a ilustres galegos entre os que inclúe á escritora Pardo Bazán:

"...acabo de citar uns cantos bultos da Santa Compañía de inmortaes galegos, uns cantos nada máis, porque nos dous mil anos da nosa hestoria, os bultos cóntanse por milleiros."



Emilia Pardo Bazán

A familia de Emilia Pardo Bazán


■ José Pardo Bazán

Pai de Emilia. Liberal, militou no Partido Progresista. Alcalde de A Coruña en 1854. Deputado en Cortes. (1828-1890)



■ Amalia de la Rúa Figueroa y Somoza

Nai de Emilia. Pertencía ós Rúa-Figueroa, unha familia liberal compostelán. Afeccionada á pintura. (A Coruña, 1831-Madrid, 1915)



■ Emilia Pardo Bazán

Blanca Quiroga y Pardo Bazán



Filla de Emilia. Casada con José Cavalcanti. Cede o Castelo ó exército para dedicalo a colonias de orfos da arma de Cabalería. (1879-1970)




José Cavalcanti

Casado con Blanca. Militar da arma de cabaleiría, como tenente coronel participou na guerra de Marrocos. Foi comandante xeral de Melilla despois do desastre de Annual. Formou parte do Directorio militar de Primo de Rivera como Vicepresidente. Enfrontado có dictador, cando era xefe da casa militar real foi afastado ó estranxeiro. En 1.919 recibe o título de marqués de Cavalcanti. (Cuba, 1871-San Sebastián, 1938)

José Quiroga y Pérez de Deza

Mercou o Castelo en poxa. De ideoloxía carlista, casa con Emilia o 10 de xullo de 1868 en Meirás, cando contaban 16 e 20 anos. Foi presidente do Circo de Artesáns. Sepárase de Emilia debido ás presións de sectores conservadores, trala publicación dunha obra polémica de dona Emilia, *La Cuestión Palpitante*. Morre en 1912 no Carballiño (Ourense)




Carmen Quiroga y Pardo Bazán

Filla de Emilia. (1881-1935)



Jaime Quiroga y Pardo Bazán

Fillo de Emilia. Foi militar da arma de cabaleiría. (1876-1936)



O CASTELO ACOLLEU ÓS ORFOS DO EXÉRCITO

Dende 1939 a 1978 o Castelo foi base das colonias de verán de orfos do exército, coñecidos popularmente como "pínfanos"

No ano 1938 (en plena guerra civil), a viúva do marqués de Cavalcanti cedeu o pazo e a illa de Santa Cruz á arma de cabaleiría do exército.

A illa convírtese na base de colonias de verán de orfos, nenos e nenas procedentes de colexios e institucións militares de toda a xeografía española.

Arredor de 70 orfos atendidos por profesores acudían cada temporada integrándose na vida do pobo.

Pouco a pouco descendeu o número de rapaces e xa no ano 78 este uso recreativo rematou.



Grupo de "pínfanos" no camiño da Atalaia en 1955



¡COMO CAMBIAN AS COUSAS! SANTA CRUZ MUDOU CO PASO DO TEMPO

PAISAXE

Na década dos sesenta, o primeiro turismo descubre Santa Cruz como destino estival. A localidade abandona a súa dependencia agrícola e non queda allea ó boom da construción, o que modificou notablemente a liña de costa e provocou grandes cambios na paisaxe.

O río do Cubo na súa desembocadura (ano 1950)



Camiño do Pazo das Torres no ano 1942

PORTO DE SANTA CRUZ

A finais do XIX D. Xosé Quiroga, dono da illa de Santa Cruz, trouxo canteiros que ampliaron o porto e rehabilitaron o Castelo. O novo porto tivo importancia xa que a pesca era unha das bases da economía do pobo, xurdindo industrias como a antiga fábrica de salazóns no lugar que hoxe ocupa o "Maxi".

Ademais dende el partían embarcacións como a Luna, encargadas do traxecto entre a Coruña e Santa Cruz. A finais dos 50, o servizo de lanchas foi desaparecendo pouco a pouco por mor das melloras nas estrada e da aparición do transporte público.

O porto de Santa Cruz (agosto de 1955)



Mariñeiros extendendo unha rede no porto (anos 70)



Embarcación de transporte "Luna" no porto de Santa Cruz

FESTAS/OFIÇOS

Antigamente en Santa Cruz realizábanse festas populares moitas veces relacionadas co traballo no campo como a desaparecida festa da malla. Sen embargo outras festas como a do ramo continúanse celebrando hoxe en día. Unha actividade xa desaparecida é a das lavadeiras na desembocadura do río.

Malla con maquinaria nos anos 40 (na actual rúa do Repicho ?)



Mulleres lavando no río de Cubo, perto da súa desembocadura (principios s.XX)



O'ramo", unha das festas emblemáticas de Santa Cruz (1955)

¿Qué fai o CEIDA?

No CEIDA facemos educación ambiental. Para facelo ben e que a maior cantidade de cidadáns se poidan beneficiar, ofrecemos os seguintes servicios:

Formación Ambiental

O CEIDA resulta marco idóneo para a formación ambiental a tódolos niveis, tanto de especialistas, técnicos, profesionais de diversas especialidades, ou voluntarios, como de escolares e o público xeral.

Para conseguilo, o CEIDA organiza congresos, simposios, cursos, seminarios e encontros, e pon o seu potencial ó servizo de outras institucións para capacitar técnicos e formar especialistas en educación e comunicación ambiental.



Información Ambiental

O Centro de Documentación Ambiental "Domingo Quiroga", con sede no CEIDA, fai posible o acceso a unha importantísima colección de monografías, publicacións periódicas, CD-ROM e vídeos de carácter científico sobre materias como biodiversidade, xeoloxía, flora, fauna, educación ambiental, etc.



Este centro lembra a figura de D. Domingo Quiroga Ríos (1900-1992), unha destacada personalidade no coñecemento e estudo do mar, que tivo un papel sobranceiro na defensa dos recursos naturais e do medio ambiente de Galicia.

Divulgación Ambiental

Un dos nosos obxectivos é revelar o significado do noso patrimonio natural, cultural e histórico, de maneira que o público adopte unha actitude positiva para o medio ambiente e comportamentos favorables á súa conservación e uso sustentable.

No CEIDA ofrecemos regularmente exposicións, proxeccións e conferencias que fan posible que a mensaxe da responsabilidade ambiental chegue ó maior público posible.



Visitas Guiadas

O contorno do castelo é un marco incomparable para facer comprender á xente o valor do noso medio natural. O CEIDA desenvolve varios programas de visitas guiadas para distintos colectivos, nos que os visitantes poden descubrir, coa axuda do persoal do centro, unha natureza viva e dinámica e unha historia sorprendente.



PERSOEIROS

Durante o actual período de xestión, pasaron polo CEIDA un longo listado de persoas relevantes de ámbito nacional e internacional. Algunhas das máis importantes son :



D. Delmar Blasco

Estivo no castelo na súa calidade de Secretario Xeral da Convección Ramsar, o Convenio Internacional sobre Conservación de Humedais que inclúe a 1069 humedais de Importancia Internacional en 124 países.



D. Manuel Fraga Iribarne

Presidente da Xunta de Galicia. Visitou o CEIDA o 5 de Xuño de 2002 para facer a entrega dos premios "Bandeira Verde", instituídos pola Consellería de Medio Ambiente.



D. Marcos Reigota



Especialista brasileiro en Educación Ambiental. A invitación do CEIDA, no Castelo impartiu a conferencia "Perspectivas educacionais en Río + 10".

Foi un dos organizadores do Cumio de Río de Janeiro de 1992 e do Foro Social de Porto Alegre no ano 2002.

EN LARANXA, PAISES DE ORIGE DE CONFERENCIANTES E
PONENTES NAS ACTIVIDADES DO CEIDA NO PERIODO 2001-2003.



D. Sam Ham

Director do Centro Internacional de Formación e Promoción do "College of Natural Resources" da Universidade de Idaho. É unha das maiores autoridades mundiais en Interpretación Ambiental e Uso Público dos Espacios Naturais. No CEIDA impartiu un curso de especialización en Ecoturismo co obxectivo de mostrar as técnicas empregadas no deseño dos itinerarios ecoturísticos.



D. Guillermo Ñaco



Presidente da Coordinadora da Selva Central do Perú en representación da étnia ashaninka, a súa visita enmárcase na campaña de sensibilización e búsqueda de apoios para superar os problemas dos indíxenas na Selva Peruana.



D. Alfredo Bryce Echenique

É un dos escritores contemporáneos máis importantes en lingua española. Gañador do premio Planeta 2002 pola súa obra "El huerto de mi amada". O seu paso polo Castelo vai en relación cun encontro de periodismo e literatura organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.



D. Carlos Walter Porto Gonçalves



Doutor en Xeografía Humana pola Universidade Federal de Río de Janeiro e profesor de Xeografía na Universidade Federal Fluminense. Asesorou aos seringueiros que Chico Mendes lideraba na loita pola reapropiación da súa natureza e pola afirmación da súa cultura. Achegouse ó CEIDA para dar a conferencia "a Territorialidade Seringueira e a traxectoria de Chico Mendes", para lembrar ao seu amigo e compañeiro, unha das figuras máis importantes da historia do ecoloxismo mundial.



D. Michel Robert



Dende 1994 é responsable da investigación no Ministerio francés de Ecoloxía e Desenvolvemento Sostible. É profesor na Universidade de París e membro da Academia francesa de Agricultura. Estivo no Castelo participando na Reunión Internacional "Secuestro del carbono en suelos y Biomasa".

PROGRAMAS DE VISITAS

VISITAS ESCOLARES



Escolares do programa "Coñecer o Litoral" no que se achegan ó Castelo nenos de toda Galicia. Estas actividades teñen como obxectivo que coñezan a importancia do medio mariño e a súa conservación.



Dentro do programa de visitas ademais do itinerario guiado trabállase coas exposicións no Castelo.

Rapaces do CEIP Valle Inclán.



O material necesario para traballar nas visitas é moi diverso. Na foto aparecen nenos do colexio Andaina de Culleredo.



O programa "Coñecer Oleiros" ofrece a posibilidade de visitar o Castelo de Santa Cruz a tódolos escolares do Concello.

Nenos da escola infantil Esquíu e de O Corgo.



O programa de visitas está orientado a rapaces de infantil, primaria e secundaria.

VISITAS TURÍSTICAS

O programa de visitas guiadas ó Castelo de Santa Cruz ten diferentes destinatarios, uns dos principais son os turistas.



Grupo de mulleres marroquís nunha visita concertada polo Concello de Arteixo dentro do seu programa de alfabetización de mulleres inmigrantes.




Durante as visitas se fai un percorrido pola historia do Castelo de Santa Cruz, amosando os distintos usos que tivo dende a súa construción.

A duración das visitas depende dos participantes, oscilando entre os 45 min. e 1 hora.

PROGRAMAS DE VISITAS GUIADAS


NÚMERO DE VISITAS			NÚMERO DE VISITANTES		
2001	2002	2003	2001	2002	2003
22	61	173	1352	2527	3316



RESULTADOS DOS PROGRAMAS DE VISITAS

	2002 GRUPOS	2003 GRUPOS	2002 PERSOAS	2003 PERSOAS
Visitas de centros	18	33	712	1440
Visitas de verán	36	122	811	924
Visitas especializadas	4	1	118	8
Visitas portas abertas	1	1	800	500
Outras visitas	2	16	86	444
TOTAL 2002	61		2527	
TOTAL 2003		173		3316
TOTAL				5843

VISITANTES POR TIPO DE VISITAS



CENTRO DE DOCUMENTACIÓN



O centro de documentación "Domingo Quiroga" xurde a partir dunha iniciativa do Concello de Oleiros de crear un fondo bibliográfico especializado en medio ambiente.

D. Domingo Quiroga Ríos (1900-1992) foi un dos fundadores e o primeiro presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).



O traballo do centro de documentación ten a finalidade de facilitar o acceso á información da xente que esté interesada en temas de medio ambiente.

Para isto desenvólvense tarefas de catalogación de material bibliográfico e baleirado de revistas. Éste consiste en incluír na base de datos os artigos relacionados coa temática do centro.



O centro de documentación amplía constantemente os seus fondos a través da adquisición de novas publicacións, donacións e suscripcións a revistas de relevancia ambiental.



Os servizos que se ofrecen no centro de documentación son:

- Consulta en sala.
- Préstamo.
- Facilitar información ambiental.



Revistas



Libros

FONDOS DOCUMENTAIS

Comprenden entre outros temas de educación ambiental, sustentabilidade, conservación, biodiversidade e impacto ambiental.



Folletos e paneis



Videos e cd's

FORMACIÓN

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E CAPACITACIÓN

O CEIDA, no seu compromiso polo Medio Ambiente, realiza diversas actividades de Educación Ambiental como cursos, seminarios, foros, congresos, masters, etc.




FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL

NÚMERO DE ACTIVIDADES			NÚMERO DE PARTICIPANTES		
2001	2002	2003	2001	2002	2003
8	29	38	445	1140	1433

2001

2002


2003



■ Participantes en Actividades de Formación e Divulgación Ambiental

CONFERENCIAS


Outras actividades divulgativas son as conferencias. Algunhas das máis destacables son as seguintes:



■ Actividades de Formación e Divulgación Ambiental

EXPOSICIÓNS

Unha das actividades que máis público atrae ó CEIDA son as Exposicións. As salas deste Castelo acolleron dende o ano 2001 ata hoxe diversas mostras de diferentes temáticas dirixidas a tódolos públicos, dende escolares ata terceira idade. Aquí amosamos unha pequena selección de todas elas.



Fotógrafos da natureza
30 Xullo – 17 Agosto de 2003

Imaxes ganadoras do concurso Wildlife Photographer of the Year 2003. Este concurso reúne anualmente os mellores fotógrafos da natureza do mundo e está organizado polo Natural History Museum e a revista BBC Wildlife Magazine.



Oleiros e Medio
5 Maio – 31 Maio de 2003

Exposición que amosa a traxectoria ambiental do noso Concello.



As cores do mar de Galicia
22 Xaneiro – 23 Febreiro de 2003

Exposición de 50 fotografías sobre a vida no mar de Galicia.



O valor das zonas húmidas de importancia internacional (RAMSAR)


1 Maio - 5 Xuño de 2002

Textos explicativos sobre os espazos naturais recoñecidos e protexidos pola convección RAMSAR dentro do Estado Español.

Mareas Negras

5 Xuño – 30 Xuño de 2003

38 fotografías realizadas por Federico García Cabezón sobre a Marea Negra provocada polo Prestige.





Territorio Ashaninka

30 Novembro de 2001 – 25 Abril de 2002

Fotografías que presentan a realidade e ameazas á supervivencia do pobo ashaninka, unha etnia amazónica da selva central do Perú.



NÚMERO DE EXPOSICIÓNS			NÚMERO DE VISITANTES		
2001	2002	2003	2001	2002	2003
1	5	6	880	5400	12678



■ Visitantes das exposicións

Un compromiso polo medio ambiente

O CEIDA é o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, un organismo que promove a educación ambiental de todos os sectores sociais, así como o intercambio cultural e científico no ámbito do medio ambiente.

A súa creación é o resultado do esforzo conxunto de tres institucións preocupadas por promover o coidado do noso medio ambiente: a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Ten a súa sede no Castelo da Illa de Santa Cruz, declarado Ben de Interese Cultural, un lugar no que conflúen o interese histórico, un contorno natural privilexiado, e unha situación xeográfica estratéxica.

O CEIDA percorreu un longo camiño para chegar ó que é hoxe:

1989: O Concello de Oleiros adquire o Castelo de Santa Cruz.

1992: O Concello de Oleiros cédelle á Xunta de Galicia o Castelo para a creación do Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental de Galicia.

1998: A Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros crean un consorcio para a promoción da Educación Ambiental e o intercambio cultural e científico en relación co medio ambiente. Nace o actual CEIDA.

2001: Comeza o actual proxecto de dirección e xestión.



C E I D A
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE

Concello de  Oleiros